



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Marzo 2023


Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en marzo de 2023 un incremento do 15,8% con respecto a marzo de 2022; en España creceu un 5,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 3,0%, os bens de equipo un 52,8% e os bens intermedios un 1,2%. Pola súa parte a enerxía aumentou un 19,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que engade 9,2 puntos, a “producción de enerxía eléctrica”, que achega 3,4 puntos, e a “confección de roupa de vestir, que suma 1,8 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a “metalurxia”, cunha repercusión de -0,9 puntos, a “industria da madeira e da cortiza”, que resta 0,5 e a “industria da alimentación” que resta 0,3 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en marzo de 2023 un incremento do 15,8% con respecto a marzo de 2022; en España creceu un 5,3%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 3,0%, os bens de equipo un 52,8% e os bens intermedios un 1,2%. Pola súa parte a enerxía aumentou un 19,0%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,0%, e achegan 1,0 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 52,8%, o que suma 11,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 1,2%, cunha repercusión de 0,4 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que avanza un 19,0% e suma 3,6 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2023, por destino económico, os bens de consumo melloran 6,0 puntos, os bens de equipo melloran 45,3 puntos, os bens intermedios melloran 16,4 puntos e a enerxía empeora 10,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o crecemento interanual en marzo do 15,8% débese principalmente á achega positiva (18,5 puntos) de dezasete ramas; as principais foron: "fabricación de vehículos de motor" que engade 9,2 puntos, a "produción de enerxía eléctrica", que achega 3,4 puntos, e a "confección de roupa de vestir", que suma 1,8 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-2,7 puntos) de nove ramas, as principais foron: a "metalurxia", cunha repercusión de -0,9 puntos, a "industria da madeira e da cortiza", que resta 0,5 e a "industria da alimentación" que resta 0,3 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de marzo moveuse entre o -4,8% de Navarra e o 15,8% de Galicia. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Castilla y León (12,0%), Castilla - La Mancha (8,8%), Extremadura (8,4%), Comunitat Valenciana (7,9%), Canarias (7,4%), País Vasco (7,2%), Andalucía (6,5%) e Aragón e Asturias (6,0%).


IPI Marzo 2023

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Marzo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	115,7	15,8	8,0	--	--
Bens de consumo	144,7	3,0	-0,1	1,0	0,0
Bens de equipo	122,6	52,8	19,9	11,0	4,6
Bens intermedios	114,4	1,2	-10,2	0,4	-2,9
Enerxía	84,7	19,0	33,5	3,6	6,3
España					
Xeral	118,2	5,3	2,1	--	--
Bens de consumo	119,2	3,7	2,7	1,0	0,7
Bens de equipo	130,5	12,6	9,0	2,9	2,0
Bens intermedios	121,8	4,0	-1,5	1,3	-0,5
Enerxía	99,4	1,0	-0,7	0,2	-0,2

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	15,8		8,0		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	109,9	9,2	36,3	4,1	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	23,4	3,4	40,1	5,7	22,3
Confección de roupa de vestir	21,0	1,8	3,8	0,3	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	40,2	0,9	11,8	0,3	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	26,5	0,8	-5,3	-0,1	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	14,1	0,4	5,7	0,2	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	4,1	0,4	0,5	0,0	7,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	25,3	0,3	3,0	0,0	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8,4	0,3	-1,7	-0,1	2,6
Fabricación doutro material de transporte	22,3	0,2	9,8	0,1	2,0
Industria química	10,1	0,2	-6,6	-0,1	1,5
Industria téxtil	30,1	0,1	9,4	0,0	0,6
Fabricación de bebidas	3,5	0,1	8,7	0,3	3,5
Outras industrias extractivas	2,1	0,0	-2,8	0,0	1,1
Outras industrias manufactureiras	-4,5	0,0	-9,9	-0,1	0,5
Industria do papel	-5,7	-0,1	0,1	0,0	2,2
Fabricación de mobles	-9,9	-0,3	8,3	0,2	1,1
Industria da alimentación	-1,7	-0,3	-2,3	-0,4	13,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-7,8	-0,5	-24,7	-1,7	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-22,4	-0,9	-30,4	-1,3	5,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	118,2	5,3	2,1
Galicia	115,7	15,8	8,0
Andalucía	100,4	6,5	-2,3
Aragón	121,9	6,0	2,2
Asturias	110,6	6,0	-2,8
Balears (Illes)	89,6	1,5	1,1
Canarias	102,5	7,4	6,9
Cantabria	127,7	3,6	-0,5
Castilla - La Mancha	118,3	8,8	6,5
Castilla y León	107,2	12,0	7,5
Cataluña	120,7	1,4	1,2
Comunitat Valenciana	123,0	7,9	-0,1
Extremadura	115,7	8,4	9,5
Madrid	130,8	5,2	7,5
Murcia	116,3	-1,6	-10,2
Navarra	121,8	-4,8	-2,9
País Vasco	122,1	7,2	1,7
Rioja (La)	103,3	0,5	-0,1

Foote:INE